

ABAU CONVOCATORIA DE
XUÑO Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LATÍN II (cód. 30)

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

OPCIÓN A

"Catilina, home de liñaxe moi nobre, pero de carácter moi depravado, para destruír a patria conxurou xunto con algúns homes certamente ilustres, pero ousados. Foi expulsado da cidade por Cicerón. Os seus aliados, apreixados, foron estrangulados no cárcere. O propio Catilina por Antonio en combate foi vencido e matado".

OPCIÓN B

"Unha formiga e unha mosca disputaban enerxicamente sobre cal era máis importante. A mosca comezou así a primeira:
«Resido entre altares, percorro os templos dos deuses;
cando se fai un sacrificio, proba antes que ninguén todas as vísceras;
póusome na cabeza do rei cando me apetece»".

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Hai que analizar morfoloxicamente as palabras do fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor desas palabras no texto en cuestión.

3. Hai que analizar sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas; se algún alumno/-a responde ás dúas, terase unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e corrección da exposición.

4a. Hai que mencionar e describir os principais tipos de personaxes e os principais argumentos da comedia de Plauto. Para acadar a máxima cualificación nesta pregunta é suficiente explicar de forma clara, precisa e completa cinco personaxes e tres argumentos.

4b. Hai que citar os tratados de Cicerón dedicados á formación retórica do bo orador e describir brevemente o seu contido. Para acadar a máxima puntuación nesta pregunta hai que tratar como mínimo das tres seguintes obras: *De oratore*, *Brutus* e *Orator*.

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Débese responder soamente a dúas das tres preguntas propostas; se algún alumno/-a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro.

Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta. Nas tres cuestións (5, 6 e 7) a resposta a cada un dos tres elementos polos que se pregunta será valorada con ata 0,25.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2017

Xosé Carracedo Fraga

Director do grupo de traballo